

MARÍA ZAMBRANO

María Zambrano (1904-1991) naceu en Vélez, Málaga. Filla de mestres, trasládase a vivir a Madrid, onde estuda Filosofía. Ten como profesor a **Ortega y Gasset**, do que vai ser discípula, e forma parte do chamado **Círculo de Madrid**, con varios alumnos e seguidores do filósofo. O seu mundo social complétase con artistas e poetas da época, como foron Federico García Lorca, Rafael Alberti, Rosa León, Rafael Alberti, Miguel Hernández, Maruja Mallo, Luis Cernuda ou Jorge Guillén. Como boa coñecedora do mundo literario dos anos vinte e trinta do século pasado, compartiu interese con Miguel de Unamuno, Antonio Machado, José Bergamín e outros. Durante o exilio tamén mantivo contactos con poetas como Octavio Paz, Lezama Lima e José Valente, entre outros. Sensibilizada co pensamento social da súa época, participou nas **Misiones Pedagógicas** da República, e chega a desempeñar cargos políticos no goberno en Valencia durante a Guerra civil. Ao rematar esta, comeza un longo **exilio** que a levará por países americanos e europeos. Regresou a España a finais dos anos 80, e recibiu o premio Príncipe de Asturias e o Premio Cervantes. Hoxendía, todo o seu legado documental e bibliográfico conforma a biblioteca e o arquivo da Fundación María Zambrano, que, con sede en Vélez (Málaga), ten o obxecto de difundir e facer perdurar no tempo o pensamento e obra da filósofa.

O seu proxecto filosófico oriéntase a retomar para o pensamento o amor, a dor, o sufrimento e a morte; todo aquilo que está na poesía desde as orixes da humanidade, e que procede “de las entrañas del ser”, da carne, do sentir. Entre as súas obras destacan *Filosofía e poesía*, *Delirio e destino*, *Persoa e democracia*, *Claros do bosque*...

Para Zambrano, **filosofía** e **poesía** constitúen **dous logos distintos** polos que se decantaron filósofos e poetas. Os primeiros buscaron a tranquilidade cognitiva que otorga o inmutable, e os segundos a inquedante plenitude do mutable, e desde entón contrapuxéranse as súas estratexias epistémicas e discursivas.

Neste proceso de escisión entre filosofía e poesía saíu victoriosa a filosofía como fonte de coñecemento. Pero a vida non ten nada que ver coa abstracción da Idea platónica: por iso a filósofa inclinouse pola razón poética antes que pola razón teórica. Nese sentido diferencia entre saber poético e coñecemento filosófico. Mentres que o coñecemento esixe “vía de acceso e transmisión”, o saber é “experiencia ancestral (...) sedimentada no curso dunha vida”, difícil de transmitir porque as experiencias vitais non se poden crear nun laboratorio.

Na nosa relación co mundo e as cousas, o método busca mentras que a razón encontra. Entre o ser oculto da Idea e o ser das apariencias que nos amosan os sentidos, entre método e saber, María Zambrano decántase pola **vida** e o saber poético. Elección que a levou a se distanciar do racionalismo cartesiano e da mirada da ciencia.

Buscou por iso outra forma de pensar que non fose nin a teoría nin o sistema. A súa finalidade foi, como xa se dixo, retomar para o pensamento o amor, a dor, o sufrimento, a morte: todo aquilo que está na poesía desde a orixe da humanidade e que procede das entranas do ser, da carne e o sentir. Plantexaba que a ciencia non podía expresar a profundidade da vida.

A proposta filosófica de Zambrano coñecese como **razón poética**. Tivo como referente a Nietzsche, quen sinalara que os filósofos non só fosilizaran a realidade, senón que a invertiron ao sacralizar as categorías abstractas da filosofía en detrimento de as forzas do vital. Existe, según ella, unha especie de razón na poesía que non se pode descartar e á que non se pode ignorar de querermos afrontar a complexidade do ser humano. Aquí reside o central do seu facer filosófico: en querer dar testemuña desa “razón na sombra” e atopar o seu lugar no pensamento filosófico.

Ao aunar filosofía e poesía, Zambrano persiste en buscar un camiño diferente ao racionalismo occidental para tratar as incertidumes do sentir que non se poden resolver coas abstraccións da ciencia.

De ahí que o seu filosofar non se axuste á razón kantiana -que reduce todo obxecto de coñecemento aos esquemas mentais do suxeito cognoscente (espacio, tempo, categorías)-, e tampouco asume o modelo racional encumiado por Platón na Antigüidade e que acollería Descartes no comezo da Modernidade. Ese tipo de razón matemática non pode asistirnos nas caídas e padecementos da vida.

A “luz auroral” da razón poética é o medio para saír da caverna de Platón. Reivindica esta luz en penumbra que nace “de las entrañas del ser” e que atopa nos sentimentos unha forma de coñecemento expresable mediante a poesía. Avísanos así do perigo da luz deslumbrante do racionalismo, esa que se ve ao saír da caverna e permite ver os obxectos con nitidez. Tamén alertanos de esa luz cartesiana que ve con total evidencia, de forma clara e distinta, utilizando só as luces da razón sen concesión algunha á información que pode proporcionarnos a sensibilidade.

A luz que fala é a da aurora, é unha luz rosada e púrpura que precede inmediatamente á saída do sol e ven significar o principio de algo. A era da aurora, vencellada á razón poética, non pertence ao mundo moderno de comprender a filosofía a través da luz cegadora e arrogante do racionalismo de Platón e Descartes.

O legado propio e orixinal de Zambrano á filosofía foi dotar de dignidade e lexitimidade cognitiva á razón poética. A filósofa invítanos a tomar en consideración outro tipo de logos e de palabra, e considera posible pensar con imáxenes e **metáforas**. Filosofía e poesía fanse unha para chegar á conciencia da finitude.

A filósofa non sucumbiu á Idea platónica, nin se acomodou á evidencia cartesiana, nacida á luz dunha razón pura e abstracta. Así, contribuíu ao fin dos fundamentos da razón clásica e relanzou un tipo de conciencia trágica portadora da sabedoría da vida que se adquire “padeciendo el conflicto hasta apurarlo.